



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS TRINTA E DÚAS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E NOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL NOVE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezasete horas e trinta e cinco minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xose L. Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D^a. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D^a. Irene Liger Iglesias, Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; escusa a non asistencia a Concelleira D^a. María Luz Senra Lorenzo e Sra. Interventora D^a. Olga Fernández Rodríguez actuando a Secretaria Acctal. do Concello D^a. Consuelo de la Peña Costoya Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3331.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 24/11/2009.- De conformidade co disposto no artigo 91 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta da acta da sesión realizada con data 24 de novembro de 2009, núm. 431, a que quedou aprobada por unanimidade

3332.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Sra. Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución de acordos precedentes e que son os que segue: "3318.- MEDIO AMBIENTE, RATIFICACIÓN ACORDO DA XGL 7287 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunícase á Consellería de Medio Rural; 3319.- MOCIÓN DO PP INSTANDO AO GOBERNO

CENTRAL A REVISAR O SISTEMA DE FINANCIAMENTO DA LEI DE DEPENDENCIA- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia; 3320.- DESENVOLVEMENTO LOCAL, APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ESTABLECEMENTO DE COTAS PERIÓDICAS NO GDR PONTEVEDRA-MORRAZO E NOMEAMENTO REPRESENTANTES TÉCNICOS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse ao GDR Pontevedra-Morrazo; 3321.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDES BONIFICACIÓN COTAS ICIO EXP. 272/09, 354/09, 373/08.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, douse traslado ao departamento de urbanismo e notificouse aos interesados; 3322.- INTERVENCIÓN, REVISIÓN RETRIBUCIÓN ECONÓMICA DO CONCESIONARIO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO, AQUAGEST, SA- Uniuse certificación do acordo ao expediente, douse traslado á Intervención Municipal e notificouse á empresa concesionaria; 3323.- RATIFICACIÓN ACORDO 7297 DA XGL DE DATA 09/11/2009, SOBRE ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN Á SUBVENCIÓN OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A FORMACIÓN DO "II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE .- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Centro Municipal de Información á Muller e notificouse á Consellería de Traballo; 3324.- MOCIÓN DO BNG PARA QUE A XUNTA DE GALICIA DEMANDE AO GOBERNO DO ESTADO UNHA REFORMA FISCAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia; 3325.- MOCIÓN DO BNG PARA MANTER COAS MESMAS FUNCÍONS AS OFICINAS I+B..- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Goberno en Galicia; 3326.- SOLICITUDE DE CLUBS E ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS DO MUNICIPIO DE POIO, DE NOMEAMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DA SECA E A REIBOA COMO "COMPLEXO DEPORTIVO MIGUEL ANXO PAZOS BARROS".- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3327.- MOCIÓN DO PSOE E DO BNG SOBRE DISTRIBUCIÓN DOS FONDOS DO PLAN ANTICRISE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Deputación Provincial de Pontevedra; 3328.- MOCIÓN DO BNG E PSOE SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE AUGAS DE GALIZA QUE VAI PRESENTAR O GOBERNO GALEGO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia e a Augas de Galicia; 3329.- URBANISMO, EXP. 525/08, RECTIFICACIÓN DO ERRO MATERIAL QUE SE PRODUCIU NA REDACCIÓN DA PLANIMETRÍA DO PLAN XERAL, PARA INCLUIR UN CAMIÑO NO LUGAR DO CASAL, NO EXPEDIENTE PROMOVIDO POR D^a. MAÍA LUISA MURILLO POUSSADA E D. SERAFÍN ALONSO ABILLEIRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse ao equipo redactor do PXOM, propietarios das parcelas colindantes e á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; 3330.- URBANISMO, EXPEDIENTE 416/09

MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE SANXENXO EN CANTO AO TEXTO DA ORDENANZA 10 "ESPAZOS LIBRES DE USO E DOMINIO PÚBLICO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Concello de Sanxenxo."

A Corporación dáse por enterada.

3333.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos concelleiros xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

A Corporación dáse por enterada.

3334.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE REVISIÓN PREZOS CONCESIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA ANO 2009, CESPAS, SA - Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado co motivo do escrito presentado por Cespa, SA con data 23 de novembro de 2009, no Rexistro Xeral do Concello de Poio con número de entrada 6283, no que solicita a aprobación do canon da concesión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria con respecto ao ano 2009.

Así mesmo dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda na súa sesión realizada o 25 de decembro de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente, do escrito da empresa CESPAS, S.A. concesionaria do Servizo Público de recollida de Resíduos Sólidos Urbanos en todo o municipio e o seu Transporte a un Centro de Tratamento, Limpeza Viaria e Desratización de data 19 de outubro de 2009 na que solicita que se aprobe o novo canon para o ano 2009, resultando un novo prezo para o exercicio 2009, de 599.551,69 € (IVE incluído) o que supón un incremento con respecto ao ano 2008 de 18.284,34 €, e dos informes da intervención municipal de data 26 de novembro de 2009 e do Enxeñeiro Municipal de data 25 de novembro de 2009.

Non existindo debate ningún, en votación ordinaria, a Comisión por 4 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do P.P., dictaminou, dando cumprimento o artigo 24 do Regulamento Orgánico da Corporación, elevar ao Pleno as dúas propostas: 1ª) Aprobación da Revisión de Prezos solicitada pola empresa CESPAS S.A., concesiaria do servizo de recollida de RSU e limpeza viaria, para o ano 2009 e 2ª) A non aprobación da Revisión de Prezos solicitada pola empresa CESPAS S.A., concesiaria do servizo de recollida de RSU e limpeza viaria, para o ano 2009".

O Sr. Barreiro Lubián explica que se trata dunha revisión periódica anual, e vai en relación co número de

aboados e IPC, suporía un incremento arredor de 18.000 € e de acordo co acordado no pleno anterior non repercutirá nos veciños, será un gasto que asuma o concello.

De Conformidade co disposto no artigo 24 do Regulamento Orgánico Municipal sométese a consideración do Pleno da Corporación as dúas propostas ditaminadas pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, co seguinte resultado:

1ª proposta: Aprobación da Revisión de prezos solicitada pola empresa CESPAS, SA, concesionaria do servizo de recollida de RSU e limpeza viaria para o ano 2009.

Votos a favor: 9 (6 BNG e 3 PSOE).

Votos en contra: 7 (7 PP)

Abstencións: Ningunha

2ª proposta: A non aprobación da Revisión de prezos solicitada pola empresa CESPAS, SA, concesionaria do servizo de recollida de RSU e limpeza viaria para o ano 2009.

Votos a favor: 7 (7 PP)

Votos en contra: 9 votos (6 BNG e 3 PSOE).

Abstencións: Ningunha.

A vista do resultado obtido despois da votación, queda aprobada a primeira proposta adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o novo prezo para o ano 2009, por un importe de 599.551,69 € (IVE engadido), da revisión da Concesión do Servizo de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos e Limpeza Viaria.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención e á empresa solicitante con indicación dos recursos que procedan.

3335.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, RECTIFICACIÓN DO GOBERNO CENTRAL NA SÚA INTENCIÓN DE DESMANTELAR O EQUIPO DE EXPERTOS EN PREVENCIÓN EN CONTAMINACIÓN MARIÑA QUE OPERABAN DESDE GALICIA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado co motivo da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular no Rexistro Xeral do Concello o 21 de novembro de 2009, na que se reclama a rectificación do Goberno Central na súa intención de desmantelar o equipo de expertos en prevención en contaminación mariña que operaban desde Galicia.

Así mesmo dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de decembro de 2009, e que di o que segue: "Dáse conta da

moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular de Poio de data 20 de novembro de 2009 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 21 de novembro de 2009 e que tras unha ampla exposición de motivos propón ao Pleno do Concello a adopción da seguinte proposta: "PRIMEIRA.- Instar ao Goberno Central a que rectifique na súa decisión de desmantelar e trasladar fóra de Galicia ao equipo técnico adscrito ao antigo Centro de Prevención de Contaminación (CEPRECO), de tal xeito que manteña este servizo na nosa comunidade, para a coordinación interministerial e o deseño do plan de continxencias ante episodios de contaminación mariña similares ao Prestige".

O Sr. Moldes Martínez explica o contido da moción indicando que o Grupo Municipal do Partido Popular considera que existe unha débeda con Galicia por nosa costa e polos accidentes marítimos.

O Sr. Barreiro Lubián di que están de acordo que deben quedar aquí e parécenos correcto que siga en Galicia.

A Comisión, en votación ordinaria, por 7 votos a favor do BNG e PP, ningún voto en contra e 2 abstencións do PSOE dictaminou favorablemente dita proposta para a súa elevación ao Pleno."

A continuación o Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Pôpular, Miguel A. Martínez Nacemento procede a dar lectura íntegra ao texto da moción.

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Barreiro Lubián manifestando que están de acordo en que o equipo de expertos radique en Galiza motivado pola extensión de Costa e co número de accidentes que ocorren. Pero ao noso entender, non soamente nos temos que dirixir ao goberno central senón que consideramos que tamén nos temos que dirixir ao Goberno da Xunta, e deste xeito terannos máis en consideración. Ademais neste sentido, hai un acordo unánime do Parlamento de Galicia.

A Sra. Besada Lores manifesta que foi o goberno do PSOE quen realizou un investimento en Galicia cerca dos 200 millóns de euros. A nosa intención é que CEPRECO siga en Galicia, de todos os xeitos no encabezamento da moción existen uns parágrafos que consideramos que deben de ser retirados, por iso solicito que se consensúe un texto polos tres grupos políticos.

O Sr. Martínez Nacemento explica que é lóxico que o encabezamento non lles guste, pero de todos os xeitos o que se vai poñer en coñecemento do goberno vai ser o acordo adoptado.

O Sr. Alcalde intervén e solicita que se inclua no

texto do acordo instar igualmente ao goberno da Xunta de Galicia.

O Sr. Villaverde Méndez di que noutras ocasións tense modificado unha exposición de motivos, pero nunca enteira, soamente se suprimirían os parágrafos 4 e 7.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que están de acordo en suprimir os parágrafos 4 e 7 do texto da moción.

O Sr. Martínez Nacemento di que se se lee detidamente o texto da exposición de motivos parece quen ten a culpa do acontecido é o goberno do bipartito, e nos soamente fomos simples colaboradores.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a consideración do Pleno a moción presentada, tendo en consideración ás propostas solicitadas esta quedou aprobada por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao Goberno Central a que rectifique na súa decisión de desmantelar e trasladar fóra de Galicia ao equipo técnico adscrito ao antigo Centro de Prevención de Contaminación (CEPRECO), de tal xeito que manteña este servizo na nosa comunidade, para a coordinación interministerial e o deseño do plan de continxencias ante episodios de contaminación mariña similares ao Prestige.

Segundo: Instar á Xunta de Galicia para demandar do Goberno Central a execución do presente acordo.

3336.- ADHESIÓN, SE PROCEDE, CONVENIO SUBSCRITO ENTRE A FEMP E SGAE DE 29-10-96.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de decembro de 2009 e que di o que segue: "Por parte da Secretaria Xeral dáse conta do expediente e do Convenio suscrito entre a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e da Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE), de data 29 de outubro de 1996, do documento de adhesión da Corporación Local ao Convenio que consta de catro cláusulas e dos informes da Secretaria Xeral e da Intervención Municipal de data 11 de decembro de 2009.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que ao BNG lle parece un imposto revolucionario máis imposto neste país pero que houbo que negociar a sinatura deste convenio, non habendo máis opcións xa que senón estaríamos cada dous por tres nos xulgados.

A Comisión en votación ordinaria, por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP, ditaminou favorablemente para a súa elevación a

consideración plenaria, a adhesión a dito convenio.”

Antes de comezar a deliberación deste asunto pola Secretaria presente na sesión explícase brevemente as funcións da SGAE e a capacidade que ten para a sinatura do presente convenio.

O Sr. Martínez Nacemento di que para eles o imposto lles parece revolucionario, o convenio supón unha serie de taxas para case todos os actos, ata para os pasarrúas.

Queda a opción de non asinar o convenio e chegar a un acordo puntual cada ano como fan outros concellos pero o máis normal sería asinar para evitar problemas.

O Sr. Domínguez Lino di que este problema ven pola nefasta e nula xestión do Concello de Poio, tendo unha débeda de máis de 60000 € coa Sociedade Xeral de Autores e Editores.

Co agravante ademáis que cando algunhas asociacións de veciños piden autorización para organizar as súas festas, o concello esixelle o pagamento da SGAE, en cambio é o concello o que incumpriu durante os últimos anos as súas obrigas coa sociedade.

Coa débeda, a SGAE coaccionaos e colocalles un convenio para asinar para condoarlle a metade da débeda.

Convenio por certo do ano 1996 e que tanto intervención como secretaria di no seu informe que é un contrato indefinido recollendo claramente no documento de adhesión.

Por tanto desde, o PP queremos denunciar o dobre raseiro do concello que por un lado pide ás asociacións que paguen unhas tarifas a SGAE e que logo o Concello é o primeiro que non cumpre con esa obriga.

O Sr. Martínez Blanco di que o importe da débeda non é de 60000 € senón que de 31000 € un importe froito dunha negociación.

O Concello ten a obriga de solicitarlles ás asociacións promotoras dos festexos o pagamento da cota da SGAE pero non llo pedimos.

Sigo mantendo, que se queredes non o asinamos e chegamos a acordos puntuais pero nos o que pretendemos é aforrar e facer fronte a anualidade do 2010 que queda por pagar.

Os actos que se celebren en Poio, sobre todo na Casa Rosada, son anotados e vixiados, dado que un representante da SGAE, vive no Concello. Outros concellos, non están sometidos a este control, polo que non pagan todo o que a SGAE reclamaría.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que non sabe o calificativo que poñerlle a este tipo de cota pero que si sabemos é que non estamos de acordo con el pero non nos queda máis remedio que pagar, xa que está amparada por unha lei estatal.

Non estamos de acordo, porque cobran todo tipo de eventos, ata as actividades sen ánimo de lucro teñen que facer fronte ao pagamento desta cota, como as realizadas polo centro social. O concello neste caso aínda de non estar de acordo fai de filtro para a recadación.

A cota está fixada, non temos nada que negociar, a adhesión ao convenio é indefinida pero o contrato é negociables todos os anos e pode denunciarse.

O Alcalde di que non é verdade que o concello pida ás asociacións ou outros colectivos o xustificante de pagar a SGAE e que como alcalde interésame aclarar este tema polo deberían de presentar probas por escrito. Aquí pedimos un seguro de responsabilidade civil e outra documentación.

Non temos interese ningún en asinar nada coa FEMP , creada polo PP, esta lei foi introducida polo PP, este convenio ven de atrás, dun goberno do PP. Non obriga ao concello pero pódese obrigar vía xudicial.

Tamén podemos negarnos a asinar o convenio e comunicar a oposición do concello a sinatura deste contrato ou desta sesión tamén podería sair un acordo, aínda que sexa no apartado de rogos e preguntas a nosa disconformidade coa lei xa que non se nos consultou.

O Sr. Barreiro Lubián di que o concello tiña que pagar desde o ano 96 pero fomos escapando, e agora debemos menos que fai 10 anos, pero temos os deberes feitos cando diciemos que xa non pagaremos 300000 €, parece que isto é voluntario que un pódese acoller, o PP critica pero non aporta nada e o que non podeades dicir é que se pode evitar.

O Sr. Agís Gómez di que coa adhesión ao convenio o que vai supor é que o concello aforre un 25%, e ademais o convenio pódese romper en calquera momento.

O Sr. Domínguez Lino di que van votar en contra porque o que se trata é de asinar un convenio non votar en contra da lei, porque se trata dunha adhesión voluntaria pero con carácter indefinido.

Unha vez rematada a quenda de deliberacións sométese a votación polo pleno o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de decembro de 2009, este quedou aprobado por 9 votos a favor (6 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte **acordo**:

Primeiro: Facultar o Sr. Alcalde para proceder á sinatura do documento de adhesión ao convenio entre a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e a SGAE.

3337.- MOCIÓN DA FEMP (FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS) SOBRE PRESIDENCIA ESPAÑOLA DA UNIÓN EUROPEA 2010.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 15 de decembro de 2009 e que di o que segue: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta da moción remitida pola FEMP, que tras unha exposición de motivos proponen ao Pleno desta Corporación a adopción dos seguintes acordos: "Primeiro.- Saudar á Presidencia Española da Unión Europea durante o primeiro semestre de 2010 mediante a celebración de actos institucionais que se levarán a cabo antes do 31 de decembro de 2009. Segundo.- Difundir a relevancia da Presidencia española da Unión Europea, nestes momentos de especial trascendencia para todos os Estados membros e dentro do marco de actuación conxunto establecido no Plan de Acción suscrito entre a FEMP e a Secretaría de Estado para a UE. Terceiro.- Poñer a bandeira europea nun lugar emblemático do Municipio durante o semestre da Presidencia Española. Cuarto.- Celebrar o día de Europa (9 de maio) organizando algunha actividade, acto ou acción de sensibilización cidadá en referencia ao proceso de integración europea, a nosa pertencencia á Unión Europea ou sobre a Presidencia Española da UE. Quinto.- Comunicar este acordo á Federación Española de Municipios e Provincias, á Secretaría de Estado da Unión Europea do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación e á Representación da Comisión Europea e á Oficina del Parlamento Europeo en España."

A Comisión dáse por enterada e que pase ao Pleno."

Non subscitándose debate ningún, sométese á votación á moción presentada da FEMP sobre a presidencia española da Unión Europea no primeiro semestre do ano 2010, esta quedou aprobada por unanimidade adoptándose o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Saudar á Presidencia Española da Unión Europea durante o primeiro semestre de 2010 mediante a celebración de actos institucionais que se levarán a cabo antes do 31 de decembro de 2009.

Segundo.- Difundir a relevancia da Presidencia española da Unión Europea, nestes momentos de especial trascendencia para todos os Estados membros e dentro do marco de actuación conxunto establecido no Plan de Acción suscrito entre a FEMP e a Secretaría de Estado para a UE.

Terceiro.- Poñer a bandeira europea nun lugar

emblemático do Municipio durante o semestre da Presidencia Española.

Cuarto.- Celebrar o día de Europa (9 de maio) organizando algunha actividade, acto ou acción de sensibilización cidadá en referencia ao proceso de integración europea, a nosa pertencencia á Unión Europea ou sobre a Presidencia Española da UE.

Quinto.- Comunicar este acordo á Federación Española de Municipios e Provincias, á Secretaría de Estado da Unión Europea do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación e á Representación da Comisión Europea e á Oficina del Parlamento Europeo en España.

3338.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA E DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA DEMANDAR DE PORTOS DE GALICIA O CUMPRIMENTO DOS CONVENIOS PARA A EXECUCIÓN DA ZONA PORTUARIA DE RAXÓ E COVELO.- Sometida a votación a inclusión do presente asunto na orde do día por non ser ditaminada previamente por comisión informativa ningunha esta quedou aprobada por unanimidade.

NESTE MOMENTO SAE DO SALÓN DE SESIÓN O CONCELLEIRO D. XOSÉ LUIS MARTÍNEZ BLANCO.

Pola Sra. Secretaria presente na sesión procédese a dar lectura ao acordo número 3312 adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión realizada o 3 de novembro de 2009.

Polo Sr. Domínguez Lino maniféstase que o Grupo do Partido Popular vai presentar unha emenda ao texto da moción presentada de forma conxunta polo BNG e PSOE (dando unha copia do texto aos presentes na sesión)

Comeza a quenda de deliberacións co Sr. Alcalde, e di que se trata dun acordo adoptado nunha reunión que se tivo cos veciños de Raxó na que participou un membro do Partido Popular, nela acordouse que se ía traer hoxe ao pleno para conseguir o apoio da corporación a estes proxectos e solicitar do Goberno a Xunta unha aceleración para a realización do mesmo.

A continuación o Sr. Domínguez Lino procédese a dar lectura ao texto da emenda á mocións conxuntas do PSOE-BNG para demandar a Portos de Galicia o cumprimento dos convenios para a ececución das zonas portuarias de Raxó e Covelo na que tras unha exposición de motivos remata solicitando a adopción do seguinte acordo:

Instar a Portos de Galicia a continuar o estudo iniciado, cun proxecto máis ambicioso e integral de todas as necesidades de accesos e do propio Porto de Raxó, o que

está consensuado cos propios usuarios, veciños e concello, orzamentado correctamente e cos informes pertinentes.

NESTE MOMENTO ENTRA NO SALÓN DE SESIÓNS O CONCELEIRO D. XOSÉ LUIS MARTÍNEZ BLANCO.

O S. Barreiro Lubián di o convenio asinouse case ao final da lexislatura pasada porque foi cando se obtivo a pertinente autorización de costas.

Parece que tamén hai un antes e un despois das eleccións, as institucións teñen unha vida, é Portos antes era gobernado por un partido político e agora é gobernado por outro pero os proxectos deben de continuar.

É innegable que os Portos de Raxó e Covelo teñen unhas carencias e que necesitan que se executen os proxectos obxecto dos convenios.

Todo convenio ten unha tramitación administrativa e antes ten que pasar polo Concello e ser aprobado pola Xunta de Goberno Local (así se fixo na sesión do 09 de marzo de 2009) e desde entón véñense pedindo citas con Portos de Galicia para tratar de desatascar o tema e non obtivemos resposta. Unha vez asinado hai que dotar de cartos. Estamos cos orzamentos e agora é o momento de consignar.

En todo caso, é importante que a obra se execute e tamén é importante que se faga agora cando contamos coa autorización de costas porque este tipo de autorizacións non son válidas para todos os proxectos, se se aproba outro proxecto hai que volverllo a remitir.

A emenda parece que o único que pretende é dilatar os prazos, e os Portos de Raxó e Covelo necesitan que se executen.

O Sr. Agís Gómez di que o relato da emenda é maravilloso, pero conta medias verdades, Os proxectos de Raxó e Covelo pactados e obxecto da moción son redactados e financiados por Portos e non polo Concello, unha vez recibidos no Concello teñen que someterse a informe da intervención, secretaria, enxeñeiro...

Chegouse a un acordo e autorización desde xaneiro, son unhas xestións que levan tempo. Trátase duns proxectos consensuados e expostos aos veciños que están a solicitar que se executen e que non se demoren máis no tempo.

Por parte de Portos parece que hai outras prioridades e o que non se pode é anular estes proxecto.

A Sra. Besada Lores (en relación coas declaracións realizadas polo Sr. Domínguez Lino) di que en realidade non se tiveron catro anos para xestionar este proxecto xa que o

PSOE comezou a gobernar en Poio xunto co BNG no mes de xuño de 2007. Non podemos olvidarnos de ningún dos proxectos, temos o convencemento e o compromiso de que se van facer.

Hai que ampliar o Porto de Raxó, e non empezaron a gobernar en marzo, tiveron 16 anos para facelo, e en cambio vostedes non realizaron nada, en cambio nos conseguirmos que se aprobaran os proxectos e agora soamente queda executalos.

O escrito que presentan na sesión de hoxe, trae consigo unha demora nos prazos de execución.

No pleno do mes de novembro dixo que non coñecía os proxectos pero vostede coñecía este e outros, pendentes de executar.

Entendemos que Poio está discriminada cando nos envían escritos coas prioridades, parece que o proxecto de seguridade vial da P0308 non é prioritario.

Pediría ao PP que deixe tanta demagogia e dilatación e vote a favor destes proxectos que son polo ben de Poio.

O Sr. Alcalde di que é certo que tiveron unha reunión co Presidente de Portos pero non foi para tratar o tema dos proxectos senón que foi por outro acto que non tiña nada que ver con estes proxectos, e é certo que nesa reunión transmitiuse a intención do Concello da realización dos proxectos pendentes.

En relación co proxecto de Raxó, a única intención do PP coa emenda é dilatar a realización do mesmo coa escusa de facer algo máis espectacular.

Descoñécese as melloras que queredes facer, nestes proxectos recóllese todo tipo de servizos desde a P0308 ata o porto (saneamento, pavimentación, alumado, única dirección, mobiliario...)

Nos queremos que se fagan estes proxectos aínda que se realicen como unha primeira fase e as melloras que queirades introducir podedes facelo como fases sucesivas, é verdade que gañástedes as eleccións pero o que non se pode facer é tirar o adiantado ao lixo.

Tendes unha débeda coa parroquia de Raxó, xa cando Nuñez Feijoo era Conselleiro de Política Territorial, discriminou ao Concello de Poio coas actuacións na P0308, agora debedes comprometervos e realizar os proxectos que xa pasaron todos os trámites que soamente están pendente de execución e iso depende da Xunta.

O Sr. Domínguez Lino di que para facer os proxectos hai que dotar os orzamentos, e as veces aínda que se doten non o executan: 3 millóns de euros para depuradora e 19 millóns de euros para o polígono de Fragamoreira en total 22 millóns total executado 0.

Comprométome a que o Sr. Nuñez Feijoo invirta en Poio nun ano o que non invertiu o bipartito en catro.

A tramitación burocrática non se fixo, os informes necesarios para a tramitación administrativa, como o da intervención da Xunta, disposición orzamentaria, non consta por ningún lado, a reunión en Portos tívose en outubro, e poidéronse manifestar as demandas, hai unha certificación da Xunta de Goberno Local do 9 de marzo de adhesión a un proxecto de convenio (que non está asinado, mostra unha copia), con respecto á Sr. Besada recordarlle que do ano 95 ao 99 gobernou en Poio xunto co BNG como concelleira de Servizos Sociais, tan mal o fixo que a mandaron para a oposición.

O Sr. Alcalde di que co goberno do bipartito fixéronse moitos investimentos para Poio, asinouse un convenio para a construción da Casa de Cultura de Raxó, demandada durante moitos anos, está construído o Porto Deportivo.

Os investimentos da Xunta aínda non se viron en Poio soamente co pintado de catro pasos de peóns que por certo, están bastante mal sinalados e supón perigo para os viandantes e para os coches.

O Sr. Barreiro Lubián di que os cartos plásmanse nos orzamentos e para iso soamente falta vontade política.

Con respecto ao Polígono de Fragamoreira, dicir que ten todos os informes favorables e o Director Xeral informa favorablemente os accesos pero paradoxicamente cando ese mesmo Director Xeral é funcionario de deputación non o informa ben porque di que non está suficientemente dimensionado.

O alcalde tivo unha reunión co presidente de Portos para tratar un asunto concreto cunha entidade.

Sigo pensando que se trata dunha emenda para perder tempo e nós o que non queremos e perder máis xa que temos todo a favor para poder realizar os proxectos soamente falta consignación orzamentaria que repito, e vontade política, o máis difícilr está feito.

A Sra. Besada Lores di que antes había consignado para a depuradora tres millóns agora hai dous, xa se perdeu un.

Todo está feito, soamente o que falta é a foto coa sinatura do convenio.

O Sr. Alcalde di que a emenda non a apoian porque con ela o que se vai conseguir e perder tempo, queremos que se executen estes proxectos xa redactados e logo se queredes mellorar o feito farase noutras fases, pero estes queremos

que se fagan, e unha solicitude unánime dos cidadáns.

Díxose en moitos sitios que soamente faltaba a sinatura do convenio e o Conselleiro ou Presidente podería retomar o tema, coller o acordo e proceder a súa sinatura. Tampouco imos apoiar un retraso na execución.

O Sr. Domínguez Lino di que a intención é realizar os proxectos pero introducindo as melloras (chabolas demandadas pola confraría para os mariñeiros na que poden gardar os seus aparellos, circulación dentro do propio porto, accesos, aparcadoiros, sentido de circulación..) que se din no escrito coa realización dun proxecto integral.

O Sr. Villaverde Méndez di que o proxecto non recolle modificacións senón a súa continuación, é o mesmo ampliado con melloras.

O Sr. Alcalde solicita que se fagan os proxectos que se executen como están agora e que se dote orzamento, así como o fixeron con Xestur, que se faga con Raxó e Covelo.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, obténdose o seguinte resultado

Votos a favor: 7 do PP

Votos en contra: 9 (6 do BNG e 3 do PSOE)

Abstención: Ningunha

A Continuación sométese a consideración do pleno a moción presentada polo PSOE e polo BNG, optándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (6 do BNG e 3 do PSOE)

Votos en contra: 7 do PP

Abstención: Ningunha

A vista dos resultados das votacións resulta que queda aprobada a moción conxunta do PSOE e do BNG, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar a Portos de Galicia, para a posta en marcha dos mencionados proxectos de acordo cos convenios asinados e poñer no seu coñecemento que ditos proxectos non se poden executar en periodo estival por tratarse de zona turística.

MOCIÓNS URGENTES. Non se presentan

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS. O Sr. Moldes Martínez pregunta en que trámite está o proxecto da Alameda de Raxó.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que hai un compromiso e senón se executa seguirá o mesmo trámite que o tema dos proxectos de Raxó e Covelo.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e dúas horas e dez minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria acctal, dou fe.